

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VILALBA
Edificio	Igrexa de San Simón da Costa
Dirección	O Valado. 27815
	43.381480 -7.611390
Protección	
Descrición	Igrexa construída entre os anos 1802 e 1804 imitando os vellos modelos do s. XVII da bisbarra do Val do Landro, que substitúe a vella igrexa situada no mesmo lugar. De fábrica de cachotería luosenta e granítica, con reforzos de vans e esquinais de cadeirado de granito, e cuberta luosenta a dúas augas en naves, a catro en presbiterio e a tres en sancristía engadida na cabeceira. De tres naves separadas por piares e arcos. Amplos e robustos contrafortes no muro lateral dereito, para evitar a caída do templo. Fachada principal con ampla porta alintelada, ventá cuadrangular e frontón triangular, ao lado da que se coloca a bonita torre campanario de dous corpos, con balaustrada e cúpula bulbosa, con porta lateral alintelada. Interior: retablo maior da segunda metade do s. XVIII, procedente da igrexa anterior á actual, dous retablos laterais neoclásicos, con varios talles de interese, e varios confesionarios antigos. Cemiterio parroquial antigo en fronte da igrexa.
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
Data	12-08-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Maior.	BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)			
Torre-campanario	Menor.	QUINTANA, CAMPANAS	CA 2002		

Información completa: [Igrexa de San Simón da Costa - VILALBA \(GALICIA\)](#)

